**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonso na data 08/10/2021 09:42:22**

**María Montserrat Prado Cores na data 08/10/2021 09:42:30**

**Iria Carreira Pazos na data 08/10/2021 09:42:39**

**Olalla Rodil Fernández na data 08/10/2021 09:42:47**





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado e deputadas **Ramón Fernández Alfonso, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre as demoras na derivacións de doentes da área sanitaria de Ferrol.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os 12 anos de goberno de Feijóo teñen a atención sanitaria en xeral, e en particular na comarca de Ferrol, nunha situación crítica.

Os recortes deste servizo público esencial fanse cada vez máis evidentes para prexuízo das persoas doentes e usuarias da comarca, tanto por activa a través de actuacións como peche de centros ou o impulso da atención telefónica, como por pasiva, pola ausencia dunha planificación que atenda a dotación de novas e urxentes infraestruturas, ou a cobertura das prazas necesarias para prestar o servizo correctamente sen abusar da saúde dos propios profesionais, feito este que acada cotas especialmente graves na atención primaria así como en certas especialidades.

A falta de dotacións concrétese entre outras cousas en que na área sanitaria de Ferrol exista un déficit estrutural de camas aínda sen resolver, que provoca, por exemplo, que con certa reiteración persoas doentes teñan que pasar en urxencias máis tempo do debido por falta de capacidade hospitalaria para realizar o ingreso.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

E a falta de cobertura de prazas ven provocando, tamén reiteradamente, queixas e mobilizacións veciñais en diferentes lugares, como Ferrol Vello, Mugardos, Pontedeume, Cabanas ou Monfero.

Mais é a título individual, nas reclamacións e denuncias públicas realizadas por particulares, que a gravidade dos prexuízos de estes 12 anos de recortes aparecen con toda crueza, e a saturación das infraestruturas, a saturación dos servizos, e a saturación das persoas profesionais que os prestan, como principal causa, directa ou indirecta, de estes prexuízos.

De feito, vimos recentemente como varios casos gañaron notoriedade pública na comarca de Ferrol, por causa da desesperación das propias persoas doentes ou dos seus familiares máis próximos.

Entre estes, o caso dun doente con máis de 100 días de hospitalización en Ferrol con unha diagnose de pancreatite aguda con necrose, e un traslado aprobado cara a área de Santiago desde o día 23 de setembro para realizar unha intervención, sen que a día de hoxe a familia teña noticias de cando se producirá ese traslado mentres ven como cada día que pasa o seu familiar se debilita, o que complica a intervención pola que está a agardar.

Ou o de outro doente, diabético, hipertenso e con sobre peso, ao que lle realizaron unha Angio-tc o día 26 de agosto, con resultado de estenose crítica pre-oclusiva, con risco de obstrución total de la carótida, segundo informa a neuróloga. Veñen de comunicarlles que teñen cita no hospital da Coruña para unha “consulta” o día 14 de outubro. Mentres tanto está de alta na casa desde o día 29 de setembro.





OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a elaborar e impulsar con carácter inmediato un plan de continxencias para garantir o tratamento pola sanidade pública de todas as persoas doentes da área sanitaria de Ferrol, así como para axilizar e mellorar as derivacións intra-hospitalarias, garantido unha rede ou circuitos funcionantes.”

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

**Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Olalla Rodil Fernández**

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonso na data 08/10/2021 09:51:19**

**María Montserrat Prado Cores na data 08/10/2021 09:51:22**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Iria Carreira Pazos na data 08/10/2021 09:51:30**

**Olalla Rodil Fernández na data 08/10/2021 09:51:40**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado e deputadas **Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre o novo centro de saúde de Carballo.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O abandono dos servizos médicos en Carballo por parte do SERGAS é unha cuestión histórica, como históricas son as demandas do concello de Carballo nesta materia. Moito antes da construción do Hospital de Cee, Carballo xa viña demandando un hospital comarcal, e dende hai xa bastantes anos vense reclamando que se cumpra a ratio establecida para a atención primaria de 20.000 habitantes por centro de saúde.

Durante os anos de goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza a realidade da atención sanitaria no concello de Carballo caracterizouse pola eliminación de consultas coma as de cirurxía e de xinecoloxía; a falla de especialidades como medicina interna, dermatoloxía, otorrinolaringoloxía ou cardioloxía. Ademais os profesionais que prestan servizo neste centro de saúde consideran unha prioridade incrementar e reforzar as existentes, completamente saturadas: por exemplo, no caso das ecografías, que só se fan os venres, e a espera pode alongarse ata un mes.

Polo tanto, partimos dunha situación altamente deficiente, e a súa solución pasa por aumentar persoal, especialidades e tamén o espazo físico necesario para prestar o servizo, claramente insuficiente. A necesidade dun novo centro de saúde ponse de





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

relevo nada máis entrar no actual, onde a saturación e a masificación é máis que evidente. E no caso do mostrador de administración e xestión de citas, as colas chegan a colapsar a planta baixa do edificio.

Se a Xunta de Galiza está a deseñar un Plan de Infraestruturas de Atención Primaria, no caso do concello de Carballo debería contemplar todas estas cuestións que son fundamentais para garantir unha atención sanitaria cunha calidade mínima e os estándares marcados para todo o territorio estatal, ademais de garantir que se cubran as ausencias e as baixas para non sufrir períodos de agarda nas citas médicas de 26 días como vimos de sufrir en tempos ben recentes.

O PP local propuxo no pleno do mes de setembro instar a Xunta de Galicia a contemplar, dentro do seu futuro Plan de Infraestruturas de Atención Primaria, a remodelación integral e a ampliación do centro de saúde de Carballo para acoller nel un Centro Integral de Saúde que dea servizo a toda a comarca de Bergantiños.

Dende o Bloque Nacionalista Galego sospeitamos que detrás deste cambio de nome do centro de saúde agóchase un avance aínda maior na precarización da sanidade pública e na atención primaria, centralizando servizos, desmantelando centros de saúde municipais, afastando a atención primaria dos doentes e amortizando aínda máis persoal.

Se o que se pretende é centralizar a atención primaria e as especialidades da comarca de Bergantiños no edificio de Carballo, lonxe de ser un avance na calidade de prestación do servizo de saúde na comarca, trataríase dun evidente retroceso por todo o exposto até o momento, porque dificilmente pode mellorar a atención primaria da comarca derivando a un centro de saúde masificado aínda máis usuarias e usuarios.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a adoptar as seguintes medidas para mellorar a atención primaria:

1. Incluír dentro do seu futuro Plan de Infraestruturas de Atención Primaria a construción dun novo centro de saúde en Carballo, de xeito que se respecte a ratio de 20.000 habitantes por unidade de atención primaria, como se contempla no Plan de Organización da Atención Primaria nas Comunidades Autónomas, e coa que xa cumpren a maioría de concellos de poboación semellante, como Arteixo, Culleredo e Oleiros, que teñen 3 centros, ou Cambre, que ten 2.

2. A Xunta de Galiza volverá dotar o centro de saúde de Carballo dos servizos de cirurxía e xinecoloxía eliminados, así coma das especialidades de medicina interna, otorrinolaringoloxía, dermatoloxía e cardioloxía, ademais de incrementar a carteira de especialidades para evitar desprazamentos á veciñanza e contribuír deste xeito a reducir os niveis de masificación dos centros de especialidades de referencia na cidade da Coruña.”

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2021

Asdo.: **Daniel Pérez López**

**Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG







OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Olalla Rodil Fernández**

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Pérez López na data 08/10/2021 10:11:17**

**María Montserrat Prado Cores na data 08/10/2021 10:11:36**

**Iria Carreira Pazos na data 08/10/2021 10:11:45**

**Olalla Rodil Fernández na data 08/10/2021 10:11:53**



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

### Exposición de motivos

A orde de 31 de decembro de 2020, publicado no DOG de 26 de febreiro de 2021 establecía as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados aos *bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal (Sofor), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocaban para o ano 2020*.

O marco xurídico aplicable a esta orde e a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, o Decreto 105/2006, do 22 de xuño, que regula as medidas relativas a prevención de incendios forestais, a protección dos asentamentos no medio rural e a regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais e a Orde de 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal.

Estas subvencións establécense en réxime de concorrencia competitiva e con dúas liñas de subvencións:

- a) Liña I: subvencións para a realización de tratamentos silvícolas preventivos de incendios forestais (clareos, desbroces e podas).
- b) Liña II: subvencións para tratamentos silvícolas vinculadas ao incremento dos valores ecolóxicos dos bosques

O prazo de solicitude e a tenor do exposto no artigo 12 de 30 días seguintes o da publicación da orde . E os traballos estarán condicionados a aprobación da axuda, establecendo un prazo máximo **de cinco meses**, contados a partir do día seguinte ao da finalización do prazo para resolver e notificar ás persoas interesadas a presentación das solicitudes. E a pesares do disposto temos coñecemento que solicitantes das subvencións aínda non recibiron contestación ao respecto co cal non puideron comezar as obras preventivas.



O mesmo acontece coa Orde de 31 de decembro de 2020, publicado no DOG de data 16 de febreiro de 2021, para a concesión de subvencións a MVMC e as Sofor tanto para o control de combustible coma a construción de puntos de auga, cando o relevante e obxecto da orde é que se realicen previamente a época de alto risco de incendios.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que resolva a maior brevidade a problemática do retraso na tramitación dos expedientes de solicitude de subvencións para MVMC en labores preventivas e en tratamentos silvícolas da CMR e poña os medios materiais e humanos precisos para que se deixe de repetir ano tras ano esta disfunción.

Pazo do Parlamento, 8 de outubro do 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 08/10/2021 11:38:09**

**Martín Seco García na data 08/10/2021 11:38:17**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 08/10/2021 11:38:27**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e deputados **Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, sobre o retorno ao ben público dos soares da Maestranza (A Coruña)

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente está en tramitación polo Concello da Coruña o Estudo de detalle das parcelas 1 e 2 do Plan especial de reforma interior (PERI) da Maestranza (A Coruña).

Este Estudo de Detalle ten por obxecto a ordenación de volumes e de aliñacións dos dous soares mencionados como resultado dun proceso de reforma urbanística.

As orixes deste proceso sitúanse no Convenio urbanístico asinado entre o Concello da Coruña e o Ministerio de Defensa en 1984, continuado en posteriores instrumentos de planeamento como o Plan especial da Maestranza e o PERI da Cidade Vella.

Con todo, cómpre ten presente que, como verifican fontes documentais, estamos a falar de terreos inicialmente públicos, bens comunais, que remataron cedidos ao Estado con destino a uso militar, mais actualmente xa están desafectados deste uso.

Ao longo dos últimos anos, a través de acordos da corporación local coruñesa, de diferentes institucións e en reiteradas iniciativas e mobilizacións cidadáns, ficou





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

explicita a demanda popular de reversión destes terreos ao dominio público local, con destino a usos dotacionais públicos, espazos libres e zonas verdes, así como da protección patrimonial das aínda conservadas murallas defensivas da Cidade Vella.

As demandas poden sintetizarse nos seguintes puntos:

1. Retorno dos terreos ao ben común e cesión gratuíta ao Concello da Coruña.
2. Modificación dos instrumentos de ordenación urbanística e de protección patrimonial para asegurar o uso público dos terreos e preservar a posta en valor patrimonial do sistema defensivo da Cidade Vella incoando o expediente BIC.

Con todo, na actualidade o INVIED procedeu a allear estes dous soares, impedindo a tan demandada cesión ao concello, non se anularen os instrumentos de planeamento urbanístico previsto nin se activaron as fórmulas necesarias para protexer o sistema defensivo da Cidade Vella que fai parte da delimitación do ámbito de Estudo de Detalle.

Ao tempo, o Estudo de Detalle apenas fai mención, nin na Memoria xustificativa nin nos seus anexos, da presenza relevante dunha ben coñecida área de protección arqueolóxica nestes terreos situados enriba do sistema defensivo da cidade e que condiciona usos, edificabilidade e aproveitamento.

Unha omisión deliberada da debida análise patrimonial no Estudo de Detalle que xustifica a súa non aprobación, á vista da vulneración da normativa legal en materia de protección patrimonial, tal e como veñen de demostrar as alegacións rexistradas por diferentes entidades, colectivos e asociacións veciñais da cidade da Coruña, encamiñadas á Dirección xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a atender as alegacións rexistradas e informar desfavorabelmente o Estudo de Detalle das parcelas 1 e 2 do Plan Especial de Reforma Interior (PERI) A Maestranza da Coruña, co obxectivo de protexer o sistema defensivo da Cidade Vella.

”

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Manuel Lourenzo Sobral**

Viceportavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 08/10/2021 13:52:08**

**Daniel Castro García na data 08/10/2021 13:52:19**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/10/2021 13:52:28**



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Juan Carlos Francisco Rivera, Marina Ortega Otero e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición** non de **lei** para o seu debate na **Comisión 3.<sup>a</sup>, Orzamentos, Economía e Facenda**.

Os derradeiros estudos económicos, tras máis de 18 meses de pandemia, subliñan tres grandes fendas en Galicia.

A primeira, revela un empeoramento da distribución de rendas, consecuencia das prolongadas perdas do peso dos salarios e das ríxidas reformas laborais que agravan os ingresos dos traballadores e traballadoras.

A segunda fenda está directamente relacionada cos sistemas educativos que, en vez de garantir a igualdade de oportunidades, subliñan novos índices de desigualdade.

A terceira vén derivada das políticas fiscais da Xunta de Galicia que lonxe de afondar na equidade e na progresividade, privilexian as clases máis podentes ou con maiores capacidade de renda. Unha política claramente regresiva que acentúa a renuncia da Xunta de Galicia a optimizar a recadación no ámbito dos tributos xestionados pola nosa Comunidade Autónoma introducindo privilexios tributarios especialmente no que atinxe ao Imposto de Sucesións e o Imposto de Patrimonio.

No caso de Galicia, sendo certo que somos un país que encaixa os efectos da crise con menor impacto que outras comunidades autónomas, tamén é certo que a recuperación é moito máis lenta e limitada que os promedios estatais, especialmente no eido do emprego.

Isto é, nas fases de recuperación económica xeramos pouco emprego, ate tal punto que a día de hoxe aínda non se teñen acadados os niveis de ocupación do ano 2008.

Así mesmo, a crise ten amosado en Galicia un aumento da pobreza.





Tomando datos do ano 2019 o 24,3 % da poboación galega – 655.316 galegos e galegas - está en risco de pobreza ou exclusión social , 32.698 persoas máis que o ano anterior. Estes datos revelan que a recuperación económica en Galicia (pre-pandemia) non está chegando a maioría das persoas que se atopaban en situación de exclusión.

Se escudriñamos nos datos vemos que en Galicia a pobreza severa acadou o 7,9 %, incrementándose catro décimas no derradeiro ano. En total, Galicia contabiliza 212 mil persoas, 9.000 máis que no ano anterior.

Un segundo elemento das fendas socio-económicas resultantes en Galicia refírense a fragilidade que teñen as persoas maiores de 65 anos. Segundo o IGE, temos que 322 mil galegos (43,4 % de todas as pensións en Galicia) reciben unha pensión cuxo importe é inferior ao mínimo para non ser considerado ser pobre.

Un terceiro elemento é o aumento da desigualdade en termos renda. O 19,8 % da poboación total galega se atopa no tramo máis baixo de renda, é dicir as persoas que ingresan menos de 522 euros ao mes.

Se tomamos como referencia os tres deciles máis baixos en termos de renda (de 1 a 10) atopámonos que un 29,6 % do total da poboación galega percibe menos de 10.815 euros. Pola contra, os galegos e galegas con rendas máis altas, os que gañan máis de 21.000 mil euros anotan un 16,8 % do total, porcentaxe moito máis alto que o que existía no 2008, que foi dun 11,9 %.

Un cuarto elemento é a brecha salarial existente en función do concello no que se resida. Segundo datos da Axencia Tributaria tomados das declaracións de IRPF, os galegos/as que viven nas cidades teñen 7000 euros máis de renda media que os galegos/as que viven nos concellos de menos de 5.000 habitantes (a inmensa maioría dos existentes no país).

Diferencias de renda ligadas o territorio que implementan as desigualdades de oportunidades.

Do mesmo xeito e ligado aos datos indicados, a Rede Galega Contra a Pobreza - EAPN Galicia, denuncia a existencia dunha auténtica emerxencia social en Galicia no eido da vivenda con 61.400 fogares galegos inseguros ou que en situación de inseguridade.



Si desagregamos os datos, atopámonos que o 30,3 % da poboación en idade infantil e xuvenil, se atopa en situación de pobreza. Datos moi preocupantes.

Segundo estes resultados, convén emprender políticas públicas que avancen nunha dirección máis solidaria, máis inclusiva e que respondan a unha cohesión social e territorial máis equitativa.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a desenvolver políticas que orienten o investimento público a mitigar a desigualdade de rendas e de oportunidades a través das seguintes medidas:

1. Incrementar no orzamento do 2022 o gasto público educativo, posibilitando unha maior cualificación educativa, recuperando o nivel de contratación de docentes existente no curso 2009-2010.
2. Implementar políticas de vivenda, transporte público e de accesibilidade dixital (banda ancha en todo o territorio), para reducir as brechas salariais entre contornos urbanos (ciudades de máis de 100 mil habitantes) e rurais (concellos de menos de 5.000 habitantes).
3. Establecer unha política fiscal moito máis progresiva redeseñando as figuras tributarias do Imposto sobre o Patrimonio e o Imposto de Sucesións, para garantir a igualdade de oportunidades e unha distribución máis equitativa da riqueza, tendo debidamente en conta os aspectos relacionados coa eficiencia. Neste sentido debe deseñarse unha política fiscal onde as exencións, deducións e bonificacións tributarias vaian destinadas a corrixir as desigualdade, avaliando o seu impacto na creación de emprego e na fixación de poboación especialmente nas comarcas máis deprimidas.
4. Establecer un modelo de prestacións públicas que faga compatible a percepción da Risga co Ingreso Mínimo Vital, para o cal se debe establecer un cambio no marco normativo galego da renda de Inserción Básica.



5. Impulsar dende o Igape unha política selectiva de investimento público orientado a financiar proxectos de emprendemento nos comarcas en risco demográfico.

Pazo do Parlamento, 8 de outubro do 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 08/10/2021 15:36:20**

**Marina Ortega Otero na data 08/10/2021 15:36:28**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/10/2021 15:36:37**

**Gonzalo Caballero Míguez na data 08/10/2021 15:36:48**



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu portavoz e por iniciativa dos deputados e deputadas **Diego Calvo Pouso, Alberto Pazos Couñago, Borja Vereas Fraiz, Teresa Egerique Mosquera, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez** deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O pasado 30 de setembro a Comisión Galega da Competencia emitiu un informe sobre as compensacións recibidas pola concesionaria da Autoestrada do Atlántico (AP-9) a consecuencia das obras de ampliación de capacidade de diversos tramos no que as cualifica de “excesivas” e “inxustificadas”, considerándoas mesmo posibles “axudas de Estado”.

As obras ás que se refire o ditame e que executou Audasa son a ampliación da ponte de Rande e a circunvalación de Santiago. As compensacións, aprobadas en 2011 polo Goberno central, con José Luis Rodríguez Zapatero como presidente e con José Blanco como ministro de Fomento, entraron en vigor en outubro de 2018 e consisten nun incremento extraordinario das peaxes do 1 por cento acumulativo, que se suma ao IPC, durante 20 anos.

Segundo pon de manifesto a Comisión Galega da Competencia, as obras compensadas custáronlle a Audasa, segundo os datos facilitados pola propia empresa, 227,2 millóns de euros, pero recibirá por elas máis de 1.400 millóns de euros procedentes do peto de todos os usuarios da autoestrada.

O ditame da Comisión Galega da Competencia vén sumarse ao emitido polo Consello Consultivo de Galicia, que indicaba que os incrementos extraordinarios das peaxes da Autoestrada do Atlántico eran “nulos de pleno dereito”.

É por iso que desde este grupo parlamentario presentamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:



“O Parlamento insta ao Goberno galego a esixir do Goberno español a revisión dos acordos con Audasa para compensar as obras de ampliación da AP-9 en Santiago e na ponte de Rande e, en base aos informes emitidos pola Comisión Galega da Competencia e polo Consello Consultivo de Galicia, anule os incrementos extraordinarios acumulativos das peaxes nesta autoestrada”.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2021.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 11/10/2021 12:14:21**

**Diego Calvo Pouso na data 11/10/2021 12:14:38**

**Carmen María Pomar Tojo na data 11/10/2021 12:15:00**

**Ramón Carballo Páez na data 11/10/2021 12:15:16**

**Teresa Egerique Mosquera na data 11/10/2021 12:15:27**

**Borja Vereza Fraiz na data 11/10/2021 12:15:37**

**José Alberto Pazos Couñago na data 11/10/2021 12:16:03**

**José Manuel Balseiro Orol na data 11/10/2021 12:16:31**

**María Sol Díaz Mouteira na data 11/10/2021 12:16:44**

**Marta Nóvoa Iglesias na data 11/10/2021 12:16:56**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 11/10/2021 12:17:12**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados **Diego Calvo Pouso, Rosalía López Sánchez, Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Carmen María Pomar Tojo** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 2ª Ordenación territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

### Exposición de Motivos:

A recuperación ambiental das rías galegas é un obxectivo que comparten desde hai anos todas as administracións e no que colaboraron tamén todos os actores implicados.

Nos últimos anos, a Xunta de Galicia financiou obras nos distintos concellos que bordean a ría coa finalidade eliminar todos os puntos de vertedura que durante anos existiron na ría.

Finalmente, despois de máis de 100 millóns de euros investidos na ría, conseguiuase eliminar a práctica totalidade de verteduras existentes. Do mesmo xeito insistíuse por parte de todas as administracións e actores implicados na necesidade de levar a cabo unha dragaxe da ría, unha vez eliminados as verteduras, co obxectivo dunha recuperación integral.

Finalmente, conseguiuase a aprobación do proxecto e a licitación do mesmo por un valor de 48 millóns de euros. Foi a Xunta de Galicia a que puxo sobre a mesa a solución de recorrer aos fondos europeos para completar o financiamento necesario.

A proposta de adxudicación este mesmo ano foi por un valor de pouco máis de 32 millóns de euros, á UTE formada polas empresas Acciona Construción S.A. e Matías Arrom Bibiloni S.L.

A día de hoxe dita adxudicación atópase recorrida no Tribunal de Contratación Central á espera de que se resolva definitivamente. A pesar de

ser unha obra demandada desde hai anos, a día de hoxe está a causar desasosiego no colectivo de mariscadores da confraría da Coruña, posto que





o propio proxecto recollía a imposibilidade de compatibilizar os traballos de dragaxe cos de marisqueo.

Son aproximadamente 80 mariscadores, que coas súas familias, só teñen a seguridade de ter que parar de traballar pero en ningún caso indícanlles de que van vivir durante o período que se realice a obra.

Desde hai meses vemos como a Dirección Xeral da Costa e o Mar bota balóns fose e non se fai responsable das indemnizacións aos mariscadores, e estas persoas temen que calquera día empecen as obras e non teñan un salario co que manter ás súas familias. Para este grupo parlamentario está suficientemente claro que a compensación polo cesamento forzado da actividade corresponde á Dirección Xeral da Costa e o Mar.

Non entendemos en ningún caso, como despois de producirse un aforro de máis de 16 millóns de euros na adxudicación da obra, o Ministerio e a Dirección Xeral poden estar a xogar co futuro de 80 familias.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en comisión:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno de España a compensación ou indemnización ao colectivo de mariscadores da Ría do Burgo, durante o período no que non poidan exercer a súa actividade como consecuencia da execución da dragaxe da Ría do Burgo”.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2021.





**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 11/10/2021 13:36:27**

**Diego Calvo Pouso na data 11/10/2021 13:36:44**

**López Sánchez, Rosalía na data 11/10/2021 13:37:01**

**Freire Vázquez, María Begoña na data 11/10/2021 13:37:12**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 11/10/2021 13:37:21**

**María Sol Díaz Mouteira na data 11/10/2021 13:37:32**

**José Manuel Balseiro Orol na data 11/10/2021 13:37:46**

**Ramón Carballo Páez na data 11/10/2021 13:37:57**

**Marta Nóvoa Iglesias na data 11/10/2021 13:38:20**

**Carmen María Pomar Tojo na data 11/10/2021 13:38:56**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Alberto Pazos Couñago, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Miguel Tellado Filgueira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**, sobre a elaboración da nova Estratexia de Acción Voluntaria para os vindeiros anos.

## Exposición de motivos

O altruísmo e a solidariedade son valores arraigados na sociedade galega. O preocuparse polos demais, ofrecer de forma xenerosa a axuda a quen o necesita, implicarse persoalmente nos problemas comúns, son actitudes que contribúen a transformar a comunidade na que vivimos.

A acción voluntaria xurde, polo tanto, como o esforzo por contribuír a temas de interese xeral de forma coordinada a través de Entidades de Acción Voluntaria.

Neste senso, Galicia conta cun sólido percorrido no traballo de promoción desta acción voluntaria, que desenvolveu desde o ano 2002, cando se aprobou o I Plan do Voluntariado de Galicia (2002-2005), o cal permitiu poñer en valor un gran número de iniciativas de voluntariado que a sociedade galega levaba a cabo.

A tarefa tivo continuidade co II Plan Galego do Voluntariado (2006-2010), que, ademais, consolidou a madurez da acción voluntaria das Entidades de Acción Voluntaria e das Administracións Públicas.



Até o ano 2014 estivo vixente o III Plan Galego de Acción Voluntaria (2011-2014), cuxo principal resultado foi camiñar cara unha estratexia común de planificación e coordinación da acción voluntaria en Galicia.

No ano 2015 avalíouse o III Plan Galego de Acción Voluntaria (2011-2014) e elaborouse a Estratexia de Acción Voluntaria 2016-2018, que contou coa participación das entidades de acción voluntaria rexistradas, as institucións educativas, o mundo empresarial e o sector público.

Con esta Estratexia de Acción Voluntaria 2016-2018, prorrogada ata a actualidade, o Goberno galego pretendeu continuar a desenvolver o traballo realizado nos Plans anteriores.

A nova realidade xurdida por mor da pandemia da Covid-19 demostranos que é importante seguir promovendo e recoñecendo as actividades e o labor que as persoas voluntarias e as entidades achegan á sociedade, contribuíndo á súa transformación e influíndo no desenvolvemento comunitario.

Todo isto fai necesario contar cunha nova Estratexia adaptada á realidade, que permita seguir reivindicando e promovendo o espírito voluntario.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a adoptar os trámites necesarios para a iniciar a elaboración da Nova Estratexia Galega de Acción Voluntaria para os vindeiros anos que dea resposta aos novos retos do futuro”.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 13/10/2021 10:00:57**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**José Alberto Pazos Couñago na data 13/10/2021 10:01:20**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 13/10/2021 10:01:33**

**Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 13/10/2021 10:02:18**

**Noelia Pérez López na data 13/10/2021 10:02:29**

**María Corina Porro Martínez na data 13/10/2021 10:02:51**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 13/10/2021 10:03:06**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 13/10/2021 10:03:23**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Sandra Vázquez Domínguez, Adrián Pardo López, Alberto Pazos Couñago, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Miguel Tellado Filgueira** e ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**, sobre o desenvolvemento de máis programas de lecer saudable e seguro para a mocidade galega.

## Exposición de motivos

A Administración autonómica ten entre os seus obxectivos fomentar a participación da mocidade na vida social. Para iso ofrece a posibilidade de que a xuventude galega empregue o seu tempo libre participando en actividades de educación non formal moi diversas, non só para divertirse senón tamén para o enriquecemento persoal e vital.

Entre esas actividades atópanse os campamentos de verán que son unha forma diferente e divertida de pasar as vacacións estivais ou os campos de voluntariado, que son actividades encamiñadas a favorecer e fomentar a convivencia, a participación, a tolerancia e a solidariedade entre a mocidade e o seu contorno, a través da colaboración desinteresada e voluntaria en traballos diversos que se levan a cabo en todas as comunidades autónomas e en distintos países.

Tamén destacan outras iniciativas como os programas de voluntariado, en especial no ámbito de conservación do medio ambiente, ou recentes propostas postas en marcha como o programa Primavera Xove.



Estas medidas, levadas a cabo pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social, complementáanse con outras como o programa de Correspondentes; premios para fomentar a creatividade entre a xente nova a través do programa Xuventude Crea ou para recoñecer a súa experiencia no caso dos Premios Talento Mozo, educación en materia de xuventude ou promoción do voluntariado; ou axudas económicas dirixidas de maneira específica á xente nova como o programa Iniciativa Xove que consiste nunha liña de axudas pensada para que as mozas e mozos poidan desenvolver ideas que revertan na mocidade actual e na nosa sociedade, ou as axudas para a obtención do carné de conducir B e C, entre outros.

As administracións públicas deben seguir apostando pola xuventude. Para iso faise imprescindible continuar impulsando actividades e programas de educación non formal para o tempo de lecer propios para a mocidade. Uns programas que representan un recurso de conciliación moi importante para as familias galegas, así como e un espazo de ocio responsable para a xente moza.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir desenvolvendo máis programas de lecer saudable e seguro para a mocidade galega, máis aló dos meses estivais”.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 13/10/2021 10:17:28**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 13/10/2021 10:17:49**

**Pardo López, Adrián na data 13/10/2021 10:18:06**

**José Alberto Pazos Couñago na data 13/10/2021 10:18:19**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 13/10/2021 10:18:32**

**Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 13/10/2021 10:18:54**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





**Noelia Pérez López na data 13/10/2021 10:19:04**

**María Corina Porro Martínez na data 13/10/2021 10:19:28**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 13/10/2021 10:19:43**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 13/10/2021 10:19:59**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Sandra Vázquez Domínguez, Adrián Pardo López, Alberto Pazos Couñago, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Miguel Tellado Filgueira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego** sobre o desenvolvemento do Plan Estratéxico de Xuventude.

## Exposición de motivos

O Plan estratéxico de Xuventude de Galicia 2021 é a folia de ruta que guía as políticas da Xunta de Galicia destinadas ás mozas e mozos, có obxectivo último de converter a nosa comunidade nun lugar mellor para que a xente nova poida vivir e traballar do xeito que libremente desexe.

O Plan conta con 125 medidas agrupadas en seis ámbitos prioritarios de actuación que abranguen o emprego e o emprendemento; o medio rural; o talento e a creatividade; a formación; a participación e o Xacobeo 2021.

Na súa elaboración, ademais da implicación de diferentes departamentos da Xunta, tivéronse en conta as prioridades da mocidade a través de encontros provinciais e de



cuestionarios de valoración das políticas da Administración autonómica neste ámbito, que supuxeron contar coa opinión de máis de un milleiro de rapazas e rapaces.

Entre as novas iniciativas que contempla este Plan, e as cales xa se puxeron en marcha, destaca, no eixo do emprego, unha nova liña de axudas por valor de 760.000 euros para a obtención do carné de conducir de tipo B (de turismo) e C (de camiión), que é un dos principais requisitos para acceder a un posto de traballo. Na convocatoria de 2020 rexistráronse máis de 4.000 solicitudes e concedéronse 1.700 axudas, un número que acredita o impacto positivo desta iniciativa, que se seguirá promovendo tamén neste 2021, co fin de continuar favorecendo a empregabilidade dos máis novos.

Neste documento tamén se apostaba por desenvolver, como así se está facendo, o Programa Talento Mozo, que inclúe premios e charlas de xuventude relevante e destacada; máis campos de voluntariado, máis oferta de actividades de ocio e de educación non formal a través da cal a xente moza poida realizar cursos, obradoiros ou participar en congresos para ampliar as súas competencias e enriquecer o seu currículo formativo; ou a posta en marcha de novos recursos que incrementen a participación da mocidade e faciliten o acceso á información naqueles asuntos que lle son de interese.

Tamén destaca a creación dunha oficina virtual de orientación e asesoramento xuvenil con profesionais formados para ofrecer unha atención útil e áxil, para que os mozos e mozas poidan consultar todas as dúbidas a nivel de formación, emprego, vivenda, etc. O obxectivo é que sexa unha auténtica plataforma de difusión de contido e asesoramento individualizado.



Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a seguir desenvolvendo o Plan Estratéxico de Xuventude actual, sobre todo no referente á posta en marcha da oficina virtual de orientación e asesoramento xuvenil”.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 13/10/2021 10:25:22**

**Sandra Vázquez Domínguez na data 13/10/2021 10:25:46**

**Pardo López, Adrián na data 13/10/2021 10:26:05**

**José Alberto Pazos Couñago na data 13/10/2021 10:26:15**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 13/10/2021 10:26:31**

**Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 13/10/2021 10:26:52**

**Noelia Pérez López na data 13/10/2021 10:27:04**

**María Corina Porro Martínez na data 13/10/2021 10:27:26**

**María Elena Suárez Sarmiento na data 13/10/2021 10:27:41**

En definitiva, unha decisión do goberno galego discriminatoria, por unha banda, cara ao alumnado que escolle estas materias dentro da súa opción formativa humanística e, pola outra, cara á oferta educativa do rural, imprescindible servizo público básico que garante a calidade de vida nunha contorna máis desfavorecida na oferta dos recursos.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Que medidas vai adoptar o goberno para apoiar a presenza das Humanidades en xeral e dos Estudos Clásicos en particular no ensino secundario e de bacharelato garantindo a igualdade de oportunidades e prestando especial atención aos centros de estudo da contorna rural?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

**Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 14/10/2021 11:21:50**

**Mercedes Queixas Zas na data 14/10/2021 11:21:54**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 14/10/2021 11:22:08**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as medidas que vai tomar a Consellaría de Educación para resolver a situación creada trala sentenza do TSXG que anula o concurso de acceso a cátedras nos CMUS.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de decembro do ano 2019, o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG) emitiu unha sentenza que anulaba un dos apartados do procedemento de acceso ao corpo de cátedras de música e artes escénicas dos CMUS.

Nesta sentenza invalidase un apartado do concurso no que se establece a acreditación da formación e a capacidade de tutela nas investigacións. O TSXG quita validez a este apartado das bases do concurso no que se establecía como requirimento de acceso a cátedras *ter impartido catro cursos académicos de docencia nun centro superior de ensino artístico e ter tutelado, como mínimo, un traballo de final de estudos ou un traballo ou concerto de fin de carreira, excepto nas especialidades que carecen de titulación propia específica.*

A sentenza da sala do contencioso administrativo do TSXG, na súa sentenza de decembro do 19 establece que con esta medida contemplada nas bases aprobadas pola consellaría: *non se garante que por esa vía poida cumprirse a acreditación da formación e capacidade de tutela de investigacións propias dos ensinos artísticos en condicións equiparábeis a quen cumpren as condicións do apartado 1*





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Esta resolución xudicial que anula as bases elaboradas pola Consellaría e a parálise da Xunta para buscar solucións, deixa nun limbo legal ao profesorado que participou no concurso. Un limbo legal que ten consecuencias de grande impacto para as súas carreiras profesionais.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Que medidas ten pensado adoptar a Consellaría de Educación para resolver a situación creada trala sentenza do TSXG que anula as bases de acceso a cátedras dos CMUS?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Manuel Lourenzo Sobral**

**Daniel Castro García**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 14/10/2021 11:32:47**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 14/10/2021 11:32:50**

**Daniel Castro García na data 14/10/2021 11:32:58**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a obriga da Consellaría de Educación de dotar de máscaras FFFP2 o profesorado do ensino público.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A primeiros do curso pasado, o sindicato CIG-Ensino presentou unha denuncia na inspección de traballo na se esixía o incumprimento por parte da Consellaría de Educación da Normativa de Prevención de Riscos e Saúde Laboral á hora de proporcionar máscaras ao profesorado.

A Inspección de Traballo resolveu na súa resolución que a Xunta estaba a incumprir coas súas obrigas de protexer a saúde laboral dos seus empregado. Mais a pesar do categórico da resolución da ITSS na que se establecía que a consellaría debía proporcionar máscaras (FFFP2) a aquel profesorado exposto a un maior nivel de risco, a Xunta fixo caso omiso desta recomendación.

No, curso actual, trala publicación do Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galiza para o curso 2021-2022, inexplicabelmente, a Consellaría de Educación continúa sen establecer recomendación algunha para cumprir con esta resolución da ITSS.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

Vai a Consellaría de Educación cumprir coa resolución da ITSS e dotar o profesorado do ensino público galego de máscaras FFFP2?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

**Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Castro García na data 14/10/2021 12:07:58**

**Mercedes Queixas Zas na data 14/10/2021 12:08:01**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 14/10/2021 12:08:10**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o novo centro de saúde de Carballo.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O abandono dos servizos médicos en Carballo por parte do SERGAS é unha cuestión histórica, como históricas son as demandas do concello de Carballo nesta materia. Moito antes da construción do Hospital de Cee, Carballo xa viña demandando un hospital comarcal, e dende hai xa bastantes anos vense reclamando que se cumpra a ratio establecida para a atención primaria de 20.000 habitantes por centro de saúde.

Durante os anos de goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza a realidade da atención sanitaria no concello de Carballo caracterizouse pola eliminación de consultas coma as de cirurxía e de xinecoloxía; a falla de especialidades como medicina interna, dermatoloxía, otorrinolaringoloxía ou cardioloxía. Ademais os profesionais que prestan servizo neste centro de saúde consideran unha prioridade incrementar e reforzar as existentes, completamente saturadas: por exemplo, no caso das ecografías, que só se fan os venres, e a espera pode alongarse ata un mes.

Polo tanto, partimos dunha situación altamente deficiente, e a súa solución pasa por aumentar persoal, especialidades e tamén o espazo físico necesario para prestar o servizo, claramente insuficiente. A necesidade dun novo centro de saúde ponse de relevo nada máis entrar no actual, onde a saturación e a masificación é máis que





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

evidente. E no caso do mostrador de administración e xestión de citas, as colas chegan a colapsar a planta baixa do edificio.

Se a Xunta de Galiza está a deseñar un Plan de Infraestruturas de Atención Primaria, no caso do concello de Carballo debería contemplar todas estas cuestións que son fundamentais para garantir unha atención sanitaria cunha calidade mínima e os estándares marcados para todo o territorio estatal, ademais de garantir que se cubran as ausencias e as baixas para non sufrir períodos de agarda nas citas médicas de 26 días como vimos de sufrir en tempos ben recentes.

O PP local propuxo no pleno do mes de setembro instar a Xunta de Galicia a contemplar, dentro do seu futuro Plan de Infraestruturas de Atención Primaria, a remodelación integral e a ampliación do centro de saúde de Carballo para acoller nel un Centro Integral de Saúde que dea servizo a toda a comarca de Bergantiños.

Dende o Bloque Nacionalista Galego sospeitamos que detrás deste cambio de nome do centro de saúde agóchase un avance aínda maior na precarización da sanidade pública e na atención primaria, centralizando servizos, desmantelando centros de saúde municipais, afastando a atención primaria dos doentes e amortizando aínda máis persoal.

Se o que se pretende é centralizar a atención primaria e as especialidades da comarca de Bergantiños no edificio de Carballo, lonxe de ser un avance na calidade de prestación do servizo de saúde na comarca, trataríase dun evidente retroceso por todo o exposto até o momento, porque dificilmente pode mellorar a atención primaria da comarca derivando a un centro de saúde masificado aínda máis usuarias e usuarios.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego incluír un novo centro de saúde no municipio de Carballo no futuro Plan de Infraestruturas de Atención Primaria como actuación necesaria e de carácter urxente?

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2021

Asdo.: **Daniel Pérez López**

**Montserrat Prado Cores**

**Iria Carreira Pazos**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Pérez López na data 08/10/2021 10:20:49**

**María Montserrat Prado Cores na data 08/10/2021 10:20:53**

**Iria Carreira Pazos na data 08/10/2021 10:21:01**





## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral** en **Pleno**.

A orde de 31 de decembro de 2020, publicado no DOG de 26 de febreiro de 2021 establecía as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados aos *bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal (Sofor), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocaban para o ano 2020.*

O marco xurídico aplicable a esta orde e a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, o Decreto 105/2006, do 22 de xuño, que regula as medidas relativas a prevención de incendios forestais, a protección dos asentamentos no medio rural e a regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais e a Orde de 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal.

Estas subvencións establécense en réxime de concorrencia competitiva e con dúas liñas de subvencións:

- a) Liña I: subvencións para a realización de tratamentos silvícolas preventivos de incendios forestais (clareos, desbroces e podas).
- b) Liña II: subvencións para tratamentos silvícolas vinculadas ao incremento dos valores ecolóxicos dos bosques

O prazo de solicitude e a tenor do exposto no artigo 12 de 30 días seguintes o da publicación da orde . E os traballos estarán condicionados a aprobación da axuda, establecendo un prazo máximo **de cinco meses**, contados a partir do día seguinte ao da finalización do prazo para resolver e notificar ás persoas interesadas a presentación das solicitudes. E a pesares do disposto temos coñecemento que solicitantes das subvencións aínda non recibiron contestación ao respecto co cal non puideron comezar as obras preventivas.



O mesmo acontece coa Orde de 31 de decembro de 2020, publicado no DOG de data 16 de febreiro de 2021, para a concesión de subvencións a MVMC e as Sofor tanto para o control de combustible coma a construción de puntos de auga, cando o relevante e obxecto da orde é que se realicen previamente a época de alto risco de incendios.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración realiza o Goberno galego respecto a que os labores de prevención de incendios forestais, en Montes Veciñais en Man Común, non se poidan realizar por falla de autorización da Consellería do Medio Rural?

Pazo do Parlamento, 8 de outubro do 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 08/10/2021 11:40:23**

**Martín Seco García na data 08/10/2021 11:40:36**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o retorno ao ben público dos soares da Maestranza (A Coruña)

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente está en tramitación polo Concello da Coruña o Estudo de detalle das parcelas 1 e 2 do Plan especial de reforma interior (PERI) da Maestranza (A Coruña).

Este Estudo de Detalle ten por obxecto a ordenación de volumes e de aliñacións dos dous soares mencionados como resultado dun proceso de reforma urbanística.

As orixes deste proceso sitúanse no Convenio urbanístico asinado entre o Concello da Coruña e o Ministerio de Defensa en 1984, continuado en posteriores instrumentos de planeamento como o Plan especial da Maestranza e o PERI da Cidade Vella.

Con todo, cómpre ten presente que, como verifican fontes documentais, estamos a falar de terreos inicialmente públicos, bens comunais, que remataron cedidos ao Estado con destino a uso militar, mais actualmente xa están desafectados deste uso.

Ao longo dos últimos anos, a través de acordos da corporación local coruñesa, de diferentes institucións e en reiteradas iniciativas e mobilizacións cidadáns, ficou





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

explicita a demanda popular de reversión destes terreos ao dominio público local, con destino a usos dotacionais públicos, espazos libres e zonas verdes, así como da protección patrimonial das aínda conservadas murallas defensivas da Cidade Vella.

As demandas poden sintetizarse nos seguintes puntos:

1. Retorno dos terreos ao ben común e cesión gratuíta ao Concello da Coruña.
2. Modificación dos instrumentos de ordenación urbanística e de protección patrimonial para asegurar o uso público dos terreos e preservar a posta en valor patrimonial do sistema defensivo da Cidade Vella incoando o expediente BIC.

Con todo, na actualidade o INVIED procedeu a allear estes dous soares, impedindo a tan demandada cesión ao concello, non se anuláron os instrumentos de planeamento urbanístico previsto nin se activaron as fórmulas necesarias para protexer o sistema defensivo da Cidade Vella que fai parte da delimitación do ámbito de Estudo de Detalle.

Ao tempo, o Estudo de Detalle apenas fai mención, nin na Memoria xustificativa nin nos seus anexos, da presenza relevante dunha ben coñecida área de protección arqueolóxica nestes terreos situados enriba do sistema defensivo da cidade e que condiciona usos, edificabilidade e aproveitamento.

Unha omisión deliberada da debida análise patrimonial no Estudo de Detalle que xustifica a súa non aprobación, á vista da vulneración da normativa legal en materia de protección patrimonial, tal e como veñen de demostrar as alegacións rexistradas por diferentes entidades, colectivos e asociacións veciñais da cidade da Coruña, encamiñadas á Dirección xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai adoptar o goberno para preservar a posta en valor patrimonial do sistema defensivo da Cidade Vella?

Santiago de Compostela, 8 de outubro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 08/10/2021 13:56:34**

**Daniel Castro García na data 08/10/2021 13:56:38**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/10/2021 13:56:47**



## Á Mesa do Parlamento

**Juan Carlos Francisco Rivera, Marina Ortega Otero e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Os derradeiros estudos económicos, tras máis de 18 meses de pandemia, subliñan tres grandes fendas en Galicia.

A primeira, revela un empeoramento da distribución de rendas, consecuencia das prolongadas perdas do peso dos salarios e das ríxidas reformas laborais que agravan os ingresos dos traballadores e traballadoras.

A segunda fenda está directamente relacionada cos sistemas educativos que, en vez de garantir a igualdade de oportunidades, subliñan novos índices de desigualdade.

A terceira vén derivada das políticas fiscais da Xunta de Galicia que lonxe de afondar na equidade e na progresividade, privilexian as clases máis podentes ou con maiores capacidade de renda. Unha política claramente regresiva que acentúa a renuncia da Xunta de Galicia a optimizar a recadación no ámbito dos tributos xestionados pola nosa Comunidade Autónoma introducindo privilexios tributarios especialmente no que atinxe ao Imposto de Sucesións e o Imposto de Patrimonio.

No caso de Galicia, sendo certo que somos un país que encaixa os efectos da crise con menor impacto que outras comunidades autónomas, tamén é certo que a recuperación é moito máis lenta e limitada que os promedios estatais, especialmente no eido do emprego.

Isto é, nas fases de recuperación económica xeramos pouco emprego, ate tal punto que a día de hoxe aínda non se teñen acadados os niveis de ocupación do ano 2008.

Así mesmo, a crise ten amosado en Galicia un aumento da pobreza.

Tomando datos do ano 2019 o 24,3 % da poboación galega – 655.316 galegos e galegas - está en risco de pobreza ou exclusión social , 32.698 persoas máis que o



ano anterior. Estes datos revelan que a recuperación económica en Galicia (pre-pandemia) non está chegando a maioría das persoas que se atopaban en situación de exclusión.

Se escudriñamos nos datos vemos que en Galicia a pobreza severa acadou o 7,9 %, incrementándose catro décimas no derradeiro ano. En total, Galicia contabiliza 212 mil persoas, 9.000 máis que no ano anterior.

Un segundo elemento das fendas socio-económicas resultantes en Galicia refírense a fragilidade que teñen as persoas maiores de 65 anos. Segundo o IGE, temos que 322 mil galegos (43,4 % de todas as pensións en Galicia) reciben unha pensión cuxo importe é inferior ao mínimo para non ser considerado ser pobre.

Un terceiro elemento é o aumento da desigualdade en termos renda. O 19,8 % da poboación total galega se atopa no tramo máis baixo de renda, é dicir as persoas que ingresan menos de 522 euros ao mes.

Se tomamos como referencia os tres deciles máis baixos en termos de renda (de 1 a 10) atopámonos que un 29,6 % do total da poboación galega percibe menos de 10.815 euros. Pola contra, os galegos e galegas con rendas máis altas, os que gañan máis de 21.000 mil euros anotan un 16,8 % do total, porcentaxe moito máis alto que o que existía no 2008, que foi dun 11,9 %.

Un cuarto elemento é a brecha salarial existente en función do concello no que se resida. Segundo datos da Axencia Tributaria tomados das declaracións de IRPF, os galegos/as que viven nas cidades teñen 7000 euros máis de renda media que os galegos/as que viven nos concellos de menos de 5.000 habitantes (a inmensa maioría dos existentes no país).

Diferencias de renda ligadas o territorio que implementan as desigualdades de oportunidades.

Do mesmo xeito e ligado aos datos indicados, a Rede Galega Contra a Pobreza - EAPN Galicia, denuncia a existencia dunha auténtica emerxencia social en Galicia no eido da vivenda con 61.400 fogares galegos inseguros ou que en situación de inseguridade.

Si desagregamos os datos, atopámonos que o 30,3 % da poboación en idade infantil e xuvenil, se atopa en situación de pobreza. Datos moi preocupantes.





Segundo estes resultados, convén emprender políticas públicas que avancen nunha dirección máis solidaria , máis inclusiva e que respondan a unha cohesión social e territorial máis equitativa.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que medidas concretas vai adoptar o Goberno galego para corrixir as desigualdades de rendas e oportunidades existentes en Galicia, nomeadamente nas comarcas que están en risco demográfico?

Pazo do Parlamento, 8 de outubro do 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 08/10/2021 15:38:36**

**Marina Ortega Otero na data 08/10/2021 15:38:45**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · [gp-socialista@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-socialista@parlamentodegalicia.es)







**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 08/10/2021 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 23518**  
Data envío: 08/10/2021 15:41:37.138

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/10/2021 15:38:56**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: REXISTRONs8c2mwwn0  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## Á Mesa do Parlamento

**Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Alberto Pazos Couñago, Borja Vereja Fraiz, Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez** deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en pleno**.

O pasado 30 de setembro a Comisión Galega da Competencia emitiu un informe sobre as compensacións recibidas pola concesionaria da Autoestrada do Atlántico (AP-9) a consecuencia das obras de ampliación de capacidade de diversos tramos no que as cualifica de “excesivas” e “inxustificadas”, considerándoas mesmo posibles “axudas de Estado”.

As obras ás que se refire o ditame e que executou Audasa son a ampliación da ponte de Rande e a circunvalación de Santiago. As compensacións, aprobadas en 2011 polo Goberno central, con José Luis Rodríguez Zapatero como presidente e con José Blanco como ministro de Fomento, entraron en vigor en outubro de 2018 e consisten nun incremento extraordinario das peaxes do 1 por cento acumulativo, que se suma ao IPC, durante 20 anos.

Segundo pon de manifesto a Comisión Galega da Competencia, as obras compensadas custáronlle a Audasa, segundo os datos facilitados pola propia empresa, 227,2 millóns de euros, pero recibirá por elas máis de 1.400 millóns de euros procedentes do peto de todos os usuarios da autoestrada.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en **pleno**:

Que valoración fai o Goberno galego do informe emitido pola Comisión Galega da Competencia sobre as compensacións extraordinarias concedidas polo Goberno central a Audasa polas obras de ampliación da AP-9?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2021.



**Asinado dixitalmente por:**

**Diego Calvo Pouso na data 11/10/2021 12:28:21**

**Carmen María Pomar Tojo na data 11/10/2021 12:28:39**

**Ramón Carballo Páez na data 11/10/2021 12:28:57**

**José Alberto Pazos Couñago na data 11/10/2021 12:29:07**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



**Teresa Egerique Mosquera na data 11/10/2021 12:29:17**

**Borja Vereza Fraiz na data 11/10/2021 12:29:29**

**José Manuel Balseiro Orol na data 11/10/2021 12:29:43**

**María Sol Díaz Mouteira na data 11/10/2021 12:29:55**

**Marta Nóvoa Iglesias na data 11/10/2021 12:30:08**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 11/10/2021 12:30:25**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

[gp-pp@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.gal)

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral e Pleno.

En vista da baixa execución orzamentaria na partida 512A de ordenación e inspección do transporte relativa ao segundo trimestre do ano 2021 a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Como valora a Xunta de Galicia a execución orzamentaria do segundo trimestre do ano 2021 da partida 512A relativa a ordenación e inspección do transporte?

Pazo do Parlamento, 8 de outubro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 13/10/2021 11:28:22**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/10/2021 11:28:37**



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral e Pleno.

Á vista da baixa execución orzamentaria na partida 512B de construción, conservación e explotación de estradas, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Como valora o Goberno galego a execución orzamentaria do segundo trimestre do ano 2021 da partida 512B relativa á construción, conservación e explotación de estradas?

Pazo do Parlamento, 13 de outubro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 13/10/2021 11:29:49**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/10/2021 11:30:03**



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Á vista da baixa execución orzamentaria na partida 513A de construción, conservación e explotación portuaria, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Como valora a Xunta de Galicia a execución orzamentaria do segundo trimestre do ano 2021 da partida 513A relativa a construción, conservación e explotación portuaria?

Pazo do Parlamento, 13 de outubro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 13/10/2021 11:27:48**

**Julio Torrado Quintela na data 13/10/2021 11:28:01**



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Á vista da baixa execución orzamentaria na partida 514A de infraestruturas pesqueiras, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Como valora a Xunta de Galicia a execución orzamentaria do segundo trimestre do ano 2021 da partida 514A relativa a infraestruturas pesqueiras?

Pazo do Parlamento, 13 de outubro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 13/10/2021 11:27:07**

**Julio Torrado Quintela na data 13/10/2021 11:27:21**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz,** deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O BNG desde a Consellería de Medio Rural da Xunta impulsou o ente público INGACAL que xa estaba previsto na Lei 2/2002 de Calidade Alimentaria de Galiza do último goberno Fraga para modernizar as estruturas de investigación pública agraria en Galiza. Nada se volveu facer neste eido.

Definiuse un cadro de postos por especialidades para dar cabida ao persoal doutor e tecnólogo formado en diversos centros de investigación, especialista en produción de leite, en tecnoloxías ambientais, en fertilización, en viticultura, en horta... e iniciouse o proceso selectivo oportuno, sen incremento de gasto algún. Acometeuse a renovación de equipamentos, maquinaria, instrumentación, laboratorios e naves na medida que os orzamentos o permitían.

Ao mesmo tempo, en 2006, dotábase ao denominado Centro Tecnolóxico da Carne de persoal investigador doutor e tecnólogo para crear sinerxías e complementariedades coas actividades de investigación en sistemas de produción desenvolvidas no CIAM.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Tamén, en 2008, constrúese o novo edificio do LIGAL en Mabegondo para, en paralelo co labor de velar pola alta calidade do leite galego mediante as analíticas e controis, poder crear un complexo tecnolóxico de I+D onde os actores fosen a produción e a industria (representados no LIGAL) e a investigación (representados no CIAM), intensificándose unha exitosa colaboración iniciada xa desde comezos dos anos 90 cando o LIGAL e o CIAM inician distintos proxectos de investigación en materia de mellora da calidade das forraxes utilizadas nas explotacións leiteiras galegas e dos métodos de predición do seu valor nutricional para redución de custos de alimentación.

Nada se investiu desde aquela, nin se volveron cubrir mediante persoal especialista as vacantes do persoal funcionario, altamente competente nas respectivas áreas de investigación (mellora xenética de millo, mellora de pratenses, produción de carne de vacún, etc.) que se ían producindo, chegando a pecharse liñas enteiras de traballo. Todo nun proceso consciente de desmantelamento do público e a favor de non sabemos que.

E nestas, en plena campaña da chamada Lexislatura do Rural, operación propagandística dirixida a agochar os efectos das erradas políticas do PP, a mediados de 2018 modifícase a estrutura do ente INGACAL polo da axencia pública AGACAL, con oito anos de retraso respecto dos prazos marcados pola lei de funcionamento da administración autonómica do ano 2010 (Lei 16/2010 LOAXFAGA).

Pois ben. Neste último decenio o abandono da investigación pública e en concreto do CIAM era manifesto. O centro de Mabegondo non diríamos que aguantaba en base á caridade pero si que se mantiña operativo a duras penas e mercede á responsabilidade e sacrificio dos seus traballadores, cun cadro cada vez máis reducido, na procura de fondos de investigación.





OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Interpelamos ao primeiro Director Xeral de estrea na AGACAL na súa presentación de intencións na Comisión 7ª. Boas intencións e nula verificación das mesmas, como quedou de manifesto en distintas interpelacións na comisión de agricultura. Novo director xeral desde hai algo máis dun ano e o mesmo escenario, mentres os centros navegan sen rumbo fixo, cunha absoluta falta de proxecto e boa gobernanza.

Aínda así, grazas ao esforzo do persoal investigador dos centros, mantense, de forma agónica, a actividade investigadora, cunha ratio de proxectos por investigador moi elevado e que case nun 90% se realizan en colaboración con pequenas e medianas empresas do sector. Pero esta actividade está tocada de morte e non se poderá manter por moito tempo de non se reverteren as condicións.

Porque a pesar das repetidas promesas non se observa unha mellora na situación do sistema público de investigación agraria dependente da Consellería de Medio Rural. **O devalo deste sistema**, ao contrario do acontecido en áreas desenvolvidas do espazo europeo e mesmo estatal, **entra en colisión directa coas estratexias de recuperación post-covid onde o fomento da investigación figura coma actividade prioritaria para tales tarefas**. Máis ben todo o contrario porque o desmantelamento do sistema público de investigación agraria continúa.

## 1--RECURSOS HUMANOS DE INVESTIGACIÓN

1.1.- **Saqueo de postos de investigación e de apoio á investigación do CIAM na nova RPT**: Non hai moito que se fixo público o borrador da RPT da AGACAL onde se integran os centros de investigación da Consellería. Centremos no CIAM a análise deste apartado por ser o centro de referencia en investigación agrogandeira de maior importancia.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Neste borrador advírtese a desaparición de postos de persoal investigador e de apoio á investigación ( funcionario e laborais de campo), **5 técnicos N22 e 7 de persoal de apoio – Laboral**

Esta redución proposta para o CIAM ten un valor bruto aproximado de 350.000 euros anuais.

### **É así como se impulsa a investigación?**

1.2.- **Apaño nos Servizos Centrais da Agacal a costa do persoal investigador:** Esta redución do Capítulo 1 no CIAM utilízase para crear postos de xestión na estrutura dos Servizos Centrais da AGACAL pretendéndose así corrixir o erro cometido na xestión do INGACAL na pasada lexislatura e posteriormente aumentados na súa mutación a Axencia á que non se lle dotou dos medios necesarios para xestionar un ente desta envergadura, tanto no cometido de protección e promoción da calidade diferencial coma de investigación e formación agroforestal.

1.3.- **Conxelación administrativa do persoal laboral investigador:** Ademais do persoal investigador funcionario da AGACAL, hai 11 postos de persoal doutor e tecnólogo que son persoal laboral da propia axencia. Na actualidade constitúen un activo esencial para as actividades de investigación desta axencia toda vez que foron obxecto de selección en base á súa especialización nas respectivas áreas de traballo en oposicións públicas convocadas en 2008 polo INGACAL. *Este persoal altamente especializado está nunha especie de limbo administrativo sen carreira investigadora nin promoción laboral.*

1.4.- **Expulsión da Axencia do valioso persoal especialista doutor formado no CIAM:** Tal e como queda a RPT actual, de se confirmar, habería aínda 7 postos de investigación vacantes de persoal funcionario. A cobertura destes postos por persoal





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

interino tomado de listas dos distintos corpos da Xunta en base á titulación, non é garantía da súa capacitación investigadora nin asegura que este persoal se poida formar adecuadamente. Este sistema de recruta de persoal non é compatible coa competitividade e competencia dos centros de investigación e diminúe de forma definitiva a súa funcionalidade. É incompatible tamén coa estabilización do xove (cada vez menos) persoal doutor formado nos centros, que se especializou nun duro proceso e que se ve obrigado a marchar ( moitas veces ao estranxeiro ou ao paro ) porque este proceso de formación de persoal investigador non atopa continuidade na rixida xestión funcional da Xunta onde as capacidades e competencias dunha persoa veñen definidas unicamente pola súa titulación. Sen embargo a Lei 2/2015 de Emprego Público de Galiza reconece a existencia da Escala de investigadores e expertos en desenvolvemento tecnolóxico dentro do subgrupo A1 (titulados superiores) coas especialidades reservadas a persoal doutor investigador e a persoal licenciado (tecnólogo). *A conversión e adecuación dos postos de investigación e tecnólogos existentes na AGACAL, desde a pertenza actual a escalas funcionariais ( agrónomos, veterinarios... ) á existente escala de investigadores contribuiría a resolver os problemas actuais de acceso aos postos de investigación de persoal especializado.*

## 2.- A MODIFICACIÓN DA ESTRUCTURA DA AGACAL

Coma “*ferramenta estratéxica de mellora da competitividade e a sustentabilidade do sector agro-gandeiro-forestal* “ arrincou a presente lexislatura coa proposta de crear unha Fundación Agraria Aplicada coa fin de integrar o I+D+i público nunha única estrutura. Propúxose así, unha modificación da estrutura existente da AGACAL orientando a xestión cara a unha fundación.

Non se pode, e así o fixemos constar neste Parlamento, renunciar á operatividade dunha *axencia pública autonómica*, ente instrumental de primeiro nivel,





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

para poder *sortear as dificultades operativas e de funcionamento* que as actividades de investigación parecen ter dentro das rixideces da administración da Xunta. E xa non digamos cando o modelo proposto por parte do PP era o da fundación Centro Tecnolóxico da Carne, que renunciou a converterse nun verdadeiro centro tecnolóxico, que funciona de xeito virtualmente desconectado do sistema público de centros da AGACAL, que foi obxecto de importantes achegas económicas de fondos de I+D con resultados descoñecidos e que conta cunha dirección sobre a que pesan serias sospeitas de anomalías na xestión dos fondos de investigación.

### 3.- ORZAMENTO PROPAGANDISTA NON EXECUTADO.

O pasado orzamento do programa 561A (plan galego de I+D) da AGACAL pasou de 16,9 a 22,9 ME en 2021. Sen embargo non é o que parece pois basicamente o incremento débese a un gasto lixeiramente maior de fondos FEADER do PDR 2014-2020 que está rematando e, sobre todo, á previsión de gasto de 6ME dunha nova procedencia (FEDER-REACT)

En paralelo, as partidas de equipamento eran ridículas. De feito as consignadas para investimentos en equipamento científico e para maquinaria de tódolos centros da AGACAL que fora de 400.000 euros no 2020 baixou a a 150.000 no 2021. *Non se acometeu a renovación dos equipamentos e maquinaria dos centros, de forma xeral, desde o orzamento de 2.009, hai 12 anos.*

Claro que se mantivo para 2021 a partida de 308.000 euros de Fondos Propios Libres para o “*Concurso de ideas Sergude*”, 616mil euros en ideas en dous anos, moito máis do investido en medios materiais para os centros nese período.

Chama a atención a importante partida de fondos FEDER REACT (4ME) para o “*Centro de Promoción e Imaxe Espello de Rural Sergude* “. Non se entende cal é o





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

obxecto da principal partida de investimento do programa de investigación agraria, alén de promover unha imaxe virtual do rural galego utilizando fondos deste programa en vez de acometer un decidido programa de mellora dos centros públicos de I+D+i da Consellería do Medio Rural.

Os 2 millóns de euros FEDER-REACT restantes estaban destinados á realización de obras no CIAM (Banco de Xermoplasma, Nave experimental de leite...) A día de hoxe NADA se executou destes fondos, dando unha nefasta imaxe de mala xestión en tempos de reactivación económica que tanto necesita o país.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é o proxecto de futuro para os centros públicos de investigación agraria de Galiza para sacalos da situación lamentable na que se atopan na actualidade?

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**María González Albert**

**Carmen Aira Díaz**

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 13/10/2021 11:59:14**

**María González Albert na data 13/10/2021 11:59:18**

**María del Carmen Aira Díaz na data 13/10/2021 11:59:26**







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Daniel Pérez López, Noa Presas Bergantiños e Ramón Fernández Alfonzo**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa aos datos do paro no mes de setembro.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os datos de desemprego do mes de setembro non son positivos para Galiza e representan unha moi mala nova.

Malia que os datos absolutos dos últimos meses no noso país melloraban lixeiramente os que se deron no resto do Estado español, a chegada do mes de setembro amosa un mercado laboral galego marcado pola estacionalidade, a temporalidade e a dependencia do sector servizos.

O mes de agosto, atípico pola pandemia mundial, pode considerarse un mes bo dende o punto de vista turístico, no que Galiza foi destino preferencial para o turismo interior e do veciño Portugal, o que permitiu que os datos de desemprego nese mes fosen positivos. Foi acabar o verán e con el fóronse os contratos temporais formalizados polo sector servizos para reforzar os negocios nos picos de actividade que se deron na campaña estival. Situación esta que non é nova, porque se repite en setembro ano tras ano. Co que se confirma, unha vez máis, que o mercado de traballo galego ten problemas estruturais e crónicos: preocupante dependencia dos ciclos estacionais, predominio da contratación temporal e parcial e excesiva dependencia do sector servizos.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Galiza no mes de setembro viu como se incrementou o número de desempregadas e desempregados na cantidade de 1.790 persoas, acadando o número total de 153.043. Mentres de media no Estado Español se reduciu o número de persoas paradas nun 2,28%, na Galiza aumentou nun 1,18%.

Analizando os datos de desemprego por sexo, atopámonos con que son unha vez máis as mulleres as grandes prexudicadas. O desemprego feminino medra até case triplicar o aumento entre os traballadores do sexo masculino. Co agravante que son elas as máis afectadas polos ERTE a día de hoxe, co que a súa reincorporación ao mercado laboral será moito máis complicada. A caída da afiliación neste mes na Galiza mentres sube a nivel estatal e o feito que tan só o 8,7% dos contratos rexistrados foron baixo algunha das modalidades de contratación indefinida existente, sumado a todo o anterior, non fan se non confirmar a mala evolución do mercado de traballo galego. Todo isto confirma que as políticas implementadas pola Xunta de Galiza nos últimos anos non conseguiron mudar esas eivas estruturais: en tanto que seguimos tendo un mercado laboral caracterizado pola temporalidade e a parcialidade. No que as mulleres seguen a ser o colectivo máis castigado.

E os anuncios da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta non deixan de ser máis que iso: anuncios. Pois nin se atallaron eivas estruturais, nin se adoptaron medidas correctoras efectivas orientadas ás mulleres e á mocidade, nin cristalizaron os anuncios de fai máis dun ano relativos á formación para o emprego. Por non falar da incapacidade da Xunta de Galiza para frear a desertización industrial de gran parte do noso país, a súa total incompetencia para defender os nosos sectores produtivos e ao tecido industrial, e polo tanto, incapacidade para xerar emprego dino e de calidade.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a valoración que fai o goberno galego dos datos de desemprego no noso país do mes de setembro?

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2021

Asdo.: **Daniel Pérez López**

**Noa Presas Bergantiños**

**Ramón Fernández Alfonso**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Daniel Pérez López na data 13/10/2021 12:21:15**

**Noa Presas Bergantiños na data 13/10/2021 12:21:18**

**Ramón Fernández Alfonso na data 13/10/2021 12:21:27**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández,** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de repoñer o servizo de pediatría a tempo completo no centro de saúde de Vila de Cruces.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os recortes que a Xunta de Galiza leva doce anos aplicando en materia de sanidade están provocando un deterioro continuado do sistema sanitario público.

Dentro dos recortes, o persoal é dos principais afectados, sendo sistemática a redución de profesionais, o que significa maior carga de traballo e que a calidade asistencial tamén se vexa afectada.

A asistencia pediátrica é un servizo do sistema público de saúde que sofre con maior virulencia esta situación de recortes, con masificación de consultas e moita poboación infantil que non é atendida por facultativ@s de pediatría, co que significa de peor calidade asistencial.

Un lugar onde se están detectando problemas e queixas é no concello de Vila de Cruces, no que levan anos vendo como se deterioran os servizos sanitarios, dende a perda da atención de urxencias ao deterioro do centro de saúde, e agora atópanse coa decisión do Sergas de realizar un recorte drástico da atención pediátrica.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

O concello ten unha poboación de cinco mil habitantes, dos que máis de 400 están en idade de atención pediátrica. O Sergas tomou a decisión de deixar dende o catro de outubro reducida á mínima expresión o servizo de pediatría, de como máximo un par de horas a primeira hora da mañá, prestado por persoal do centro de saúde de Silleda,

Todo este baile de servizos e prazas é un claro exemplo da lamentable xestión da Xunta de Galiza presidida por Feijóo, e da precariedade á que se están a levar os servizos médicos públicos de atención primaria.

Vila de Cruces ten unha gran extensión territorial, con moita dispersión poboacional, ten 28 parroquias. As vías de comunicación son máis que deficientes, os tempos de percorrido para chegar de moitas parroquias ao centro de saúde de Silleda son moi elevados, superan as recomendacións para poder dar unha boa atención sanitaria.

Esta situación non só prexudica ás familias de Vila de Cruces, que no caso de non poder acudir nese horario tan limitado ao centro de saúde, suporalle no mellor dos casos un desprazamento a maiores de 15km, xa que dependendo de que punto do concello sexa a crianza, poden ter que desprazarse por máis de 40 minutos. Tamén estarán prexudicad@s @s nen@s de Silleda, xa que o servizo pódese ver saturado, se ás máis de 1000 crianzas deste concello en idade de atención pediátrica se lle sumen as máis de 400 que ten Vila de Cruces.

Calquera das solución que ven de anunciar a Consellaría, tanto a hora de atención diaria, como o reparto de xornadas de atención en ambos concellos, non son unha alternativa para prestar unha atención pediátrica de calidade, nin para Vila de Cruces nin para Silleda.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Non pode haber nenos e nenas de primeira e de segunda, Vila de Cruces debe ter un servizo de pediatría completo e non recortado a unhas horas. No BNG temos claro que non se pode permitir esta discriminación da Xunta no acceso ao servizo de pediatría simplemente por vivir no rural.

O servizo debe ser restablecido a tempo completo, a Xunta de Galiza debe apostar por un servizo sanitario público de calidade e non deixar abandonas ás crianzas de Vila de Cruces, que vense obrigadas a desprazarse fora da localidade ou empuxadas á sanidade privada..

@s veciñ@s de Vila de Cruces, séntense discriminad@s na atención sanitaria que teñen. A saúde é un dereito fundamental, e para que a atención sanitaria que se preste sexa de calidade, é preciso contar co persoal necesario. No convencemento de que non hai asistencia sanitaria sen profesionais suficientes que a presten, fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta de Galiza que coa redución drástica da atención pediátrica no Centro de Saúde de Vila de Cruces as súas crianzas teñen unha atención sanitaria de calidade?

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

**Iria Carreira Pazos**

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 13/10/2021 13:51:38**

**Olalla Rodil Fernández na data 13/10/2021 13:51:43**

**Iria Carreira Pazos na data 13/10/2021 13:51:51**



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Á vista da baixa execución orzamentaria na partida 723A relativa á competitividade e mellora da calidade de produción pesqueira e da acuicultura, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Como valora o Goberno galego a execución orzamentaria do segundo trimestre do ano 2021 da partida 723A relativa á competitividade e mellora da calidade de produción pesqueira e da acuicultura?

Pazo do Parlamento, 13 de outubro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 13/10/2021 13:15:32**

**Julio Torrado Quintela na data 13/10/2021 13:15:47**





## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Á vista da baixa execución orzamentaria na partida 723B relativa á regulación das producións e dos mercados da pesca, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Como valora o Goberno galego a execución orzamentaria do segundo trimestre do ano 2021 da partida 723B relativa á regulación das producións e dos mercados da pesca?

Pazo do Parlamento, 13 de outubro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 13/10/2021 13:13:51**

**Julio Torrado Quintela na data 13/10/2021 13:14:08**



## Á Mesa do Parlamento

Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

Á vista da baixa execución orzamentaria na partida 723C relativa ao desenvolvemento sostible das zonas de pesca, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Como valora o Goberno galego a execución orzamentaria do segundo trimestre do ano 2021 da partida 723C relativa ao desenvolvemento sostible das zonas de pesca?

Pazo do Parlamento, 13 de outubro de 2021

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Otero Rodríguez na data 13/10/2021 13:33:50**

**Julio Torrado Quintela na data 13/10/2021 13:34:07**



## Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Juan Carlos Francisco Rivera, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Consello de Contas no seu Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia do exercicio 2019 manifesta literalmente que: “Rexístranse no capítulo VIII do orzamento de gastos da Administración xeral como activos financeiros operacións por importe de 99,87 millóns de euros destinados a cubrir déficits de explotación da Corporación Radio Televisión de Galicia (CRTVG) que debían rexistrarse como gasto non financeiro e polo tanto diminuír o resultado orzamentario nese importe”, o que é, xa que logo, unha mera transferencia corrente para gastos de funcionamento e en ningún caso un activo.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego sobre esta situación?

Pazo do Parlamento, 13 de outubro de 2021

### Asinado dixitalmente por:

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/10/2021 19:26:19**

**Juan Carlos Francisco Rivera na data 13/10/2021 19:26:35**

**Noa Susana Díaz Varela na data 13/10/2021 19:26:47**

**Noelia Otero Lago na data 13/10/2021 19:27:02**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Carmen Aira Díaz, Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral**,  
deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**,  
ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para  
resposta oral en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na confluencia dos concellos de O Inico, Samos e Sarria encóntrase,  
probablemente, o xacemento de mámoas máis importante de Galiza.

Está situado estratexicamente entre cruces de camiños que vertebran o territorio  
de norte a sur e de oeste ocupando as Serras de Santa Mariña e do Édramo. Dende estas  
encrucilladas chégase con facilidade a Asturias pasando cerca de Becerreá cara o norte,  
e ao val do Sil cara o sur o que comunica á zona co Bierzo e á súa vez co camiño real a  
Madrid . Tamén comunica a Terra Chá co Val de Lemos e ata máis alá chegando a  
Monterroso.

O número de túmulos tamén é reseñable, nun km cadrado chegan a superarse os  
40, tendo en conta que un túmulo é un monumento esta cantidade deles outórgalle á  
zona a consideración de lugar excepcional.

As catas feitas só confirman a valía do achádego, non só dende o punto de vista  
arqueolóxico senón tamén dende unha visión antropolóxica.

Desgrazadamente non canto de poñer en valor o xacemento hai zonas con  
valados que impiden achegarse ás medorras, a maquinaria traballa por riba delas,





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

incluso hai camiños públicos pechados ou obstruídos co fin de que non se poida acceder, entre outras moitas cousas...

O recoñecemento BIC non é suficiente elemento de protección neste noso país para protexer milenios de historia, tampouco parece suficiente para darlle sentido á súa recuperación para o desfrute cultural público, no canto disto deixamos que se perda e xunto con el tamén o patrimonio inmaterial que o acompaña ao longo de miles de anos.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o Goberno da Xunta de Galiza poñer en funcionamento un plan de recuperación das mámoas de Santa Mariña que inclúa un centro de interpretación que xere riqueza na zona?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

**Mercedes Queixas Zas**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

**María del Carmen Aira Díaz na data 14/10/2021 09:38:35**

**Mercedes Queixas Zas na data 14/10/2021 09:38:40**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 14/10/2021 09:38:50**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á transparencia e información sobre a sociedade privada na que a Xunta de Galiza residencia a selección das iniciativas galegas para pular polos fondos europeos de reactivación económica.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza impulsou en solitario unha sociedade de maioría privada, liderada por Abanca, para a decisión e organización de cuestións referentes ao impulso de proxectos para seren financiados polos fondos europeos que decidiu non compartir nin co Parlamento Galego nin con entidades coma o Consello Económico e Social.

A esta cuestión cómpre engadir que desde a constitución da XI lexislatura até o momento o goberno galego non remitiu a información solicitada por este Grupo Parlamentario respecto da planificación, organización ou selección de proxectos para concorrer a seren financiados polos fondos europeos de reactivación e reconstrución económica.

En solitario, sen previo paso polo Consello Económico e Social ou consulta e contraste cos sectores afectados, o Partido Popular aprobaba unilateralmente a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galiza so a coartada das necesidades xeradas pola futura xestión dos fondos europeos.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Resulta sorprendente que dous días despois da súa aprobación por parte do Parlamento Galego, e un día antes da súa publicación no DOG, o goberno galego anuncie no Consello da Xunta do 25 de febreiro medidas que non están contempladas nesta lei, causando novamente unha cerimonia de confusión.

En dito Consello o goberno galego, segundo a súa propia nota de prensa “acordou no Consello de Goberno celebrado hoxe formar parte do mecanismo público-privado que se encargará de acelerar a maduración de novos proxectos empresariais tractores que contribúan a xerar actividade económica e cadeas de valor de que saíran beneficiadas especialmente as pequenas e medianas empresas galegas” sen indicar nin como será ese procedemento nin que empresas son as seleccionadas.

Posteriormente, no mes de abril realizáronse modificacións orzamentarias por valor de dous millóns de euros procedentes de “gastos de diversas consellarías” sen máis concreción. Días despois a Xunta anunciaba que constituía canda Abanca, Reganosa e Sogama a nova sociedade público-privada que se encargará de impulsar iniciativas empresariais tractoras “que incidan na dinamización, progreso e transformación da economía galega a través dun modelo verde e dixital.”

A día de hoxe non hai información pública máis que das persoas que fan parte do Consello de dita empresa, mais non respecto das reunións, conclusións, etc.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é o resultado para Galiza de que o seu goberno destinase fondos públicos a unha sociedade opaca da que a Xunta de Galiza non é maioritaria nin se coñece a súa concreción, actas e conclusións?







OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2021

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Daniel Pérez López**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 14/10/2021 10:01:12**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 14/10/2021 10:01:15**

**Daniel Pérez López na data 14/10/2021 10:01:26**



## Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O catálogo de estradas da rede autonómica de estradas de Galicia (Raega) publicado en xuño de 2021 e conforme ao Regulamento xeral de estradas de Galicia, aprobado polo Decreto 66/2016, do 26 de maio, establece tres categorías funcionais das estradas, as da rede estruturante, as da rede complementaria e a rede local.

A rede complementaria está formada polas estradas que, xunto coa rede de estradas do Estado e a rede estruturante, conectan os nodos para o equilibrio do territorio entre si e coas anteditas redes. Tamén se establecen outras características para que unha estrada sexa considerada como pertencente a esta rede.

Por outro lado, a rede local está formada por todas as estradas non incluídas na rede de estradas do Estado, na rede estruturante ou na rede complementaria.

No caso da estrada LU-710, que une Baralla e O Cádavo atopámonos con dúas clasificacións:

- 1) Un primeiro tramo entre Baralla (na N-VI) e Neira de Rei (na A-6) de 4,38 quilómetros de lonxitude, que ten categoría de local.
- 2) Un segundo tramo, que une Neira de Rei (na A-6) e O Cádavo (ata a estrada Lu-530) de 11,75 quilómetros de lonxitude, que ten categoría de complementaria.

A anterior clasificación obedece, sen dúbida, a darlle formalidade a unha situación que sofren historicamente os veciños de Baralla: o diferente estado dos dous tramos nos que a Xunta de Galicia ten dividida esta estrada.

O certo é que este asunto foi obxecto de preocupación e interese por parte do Grupo Parlamentario Socialista que ten rexistrado nos últimos anos diversas iniciativas para impulsar unha solución definitiva a este grave problema.



A finais do ano 2017 o Goberno da Xunta de Galicia respondeu a este grupo parlamentario que a Axencia Galega de Infraestruturas tiña detectado a necesidade de acondicionar a estrada LU-710 no seu tramo inicial, comprendido entre o punto quilométrico 0+000 (na localidade de Baralla) e o punto quilométrico 4+500 (próximo ao enlace coa A-6). En concreto, e principalmente, no relativo ao ensanche da plataforma existente e as modificacións do trazado en curvas ou en rasante.

Catro anos despois desta resposta nada parece ter avanzado, descoñecendo por completo cales son as previsións temporais, técnicas e orzamentarias para resolver un problema para o que xa, no ano 2010, o ex conselleiro de Infraestruturas, Agustín Hernández, se comprometera a facer as obras necesarias e garantir que tiveren as mesmas características que o tramo Neira de Rei a O Cádavo.

O único que parece ter avanzado o Goberno da Xunta de Galicia é un proxecto aínda descoñecido e que se vincula á existencia de orzamentos procedentes dos fondos *Next Generation* por un importe de 2,3 millóns de euros.

O anterior, sen saber neste momento se tal posibilidade se vai materializar, semella un argumento pouco sólido e que busca responsabilizar ao Goberno do Estado ante unha posible falla de financiamento por esa vía; estratexia que busca enganar á opinión pública de Baralla na liña seguida polo Partido Popular de Galicia: se as cousas se conseguen é porque o Goberno da Xunta de Galicia o fixo posible e, se non se conseguen, sempre hai un culpable externo que, neste caso, sería o Goberno do Estado.

En todo caso, recoñecida dende o ano 2010 a necesidade de acometer as actuacións precisas neste tramo na LU-710, entendemos que con fondos *Next Generation* ou sen eles, é irrenunciable levalas a cabo de xeito inmediato.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan, preguntan:

Cal é o contido do proxecto no que está a traballar a Xunta de Galicia para o arranxo da estrada LU-710 entre o enlace coa A-6 e Baralla?

Pazo do Parlamento, 14 de outubro de 2021





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 14/10/2021 10:46:24**  
**Nº Rexistro: 23661**  
Data envío: 14/10/2021 10:46:24.348

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/10/2021 20:02:31**

**Patricia Otero Rodríguez na data 13/10/2021 20:02:44**

CSV: REXISTROBcpjNuuH0  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de garantir a igualdade de oportunidades na oferta educativa dos centros de estudo da contorna rural.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia regula a impartición das linguas clásicas.

O alumnado galego accede aos estudos de Latín con carácter opcional no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria.

A organización curricular do primeiro curso de bacharelato na modalidade de humanidades indica que os alumnos e as alumnas deben cursar a materia de Latín I, entre outras materias xerais do bloque de materias troncais. Unha formación curricular que será continuada no segundo curso de bacharelato con Latín II.

Asemade, Grego I e II son materias opcionais electas polo alumnado entre o bloque de materias troncais nos dous cursos de bacharelato.

Foron estas as materias que sufriron o maior recorte na súa oferta educativa en bacharelato ao impedir a Consellería de Educación manter a súa oferta en grupos de alumnado inferior a cinco, tal e como denunciaron publicamente múltiples ANPAS.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

A Consellaría viña permitindo que, cando existía profesorado no centro con dispoñibilidade horaria, se puidesen ofertar esas materias, aínda cun número de alumnado matriculado inferior. No entanto, neste curso, a Inspección educativa comunicou aos IES de zonas rurais, na súa maioría, que se aplicaría a norma sen facer excepcións.

Esta decisión provocou unha clara discriminación para o alumnado que se viu obrigado a coller outras materias nas que non tiña interese por non ponderar na súa escolla formativa universitaria ou ben matricularse nunha modalidade a distancia. E todo isto habendo profesorado con dispoñibilidade horaria nos propios centros que no canto de completar o seu horario lectivo atendendo estes grupos a inspección educativa obrígao a facer gardas.

Unha decisión do goberno galego inxusta no seu comezo e arbitraria no momento en que foi rectificada só nalgúns centros, deixando amplificada a radiografía da desigualdade territorial.

Asemade, esta decisión afectou sobre todo aos centros educativos do rural, o que claramente impide seguir avanzando cara a un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolvan ao máximo as súas potencialidades.

En definitiva, unha decisión do goberno galego discriminatoria, por unha banda, cara ao alumnado que escolle estas materias dentro da súa opción formativa humanística e, pola outra, cara á oferta educativa do rural, imprescindible servizo público básico que garante a calidade de vida nunha contorna máis desfavorecida na oferta dos recursos.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai adoptar o goberno para apoiar a presenza das Humanidades en xeral e dos Estudos Clásicos en particular no ensino secundario e de bacharelato garantindo a igualdade de oportunidades e prestando especial atención aos centros de estudo da contorna rural?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

**Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 14/10/2021 11:20:32**

**Mercedes Queixas Zas na data 14/10/2021 11:20:36**

**Daniel Castro García na data 14/10/2021 11:20:46**





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Manuel Lourenzo Sobral, Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a obriga da Consellaría de Educación de dotar de máscaras FFFP2 o profesorado do ensino público.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A primeiros do curso pasado, o sindicato CIG-Ensino presentou unha denuncia na inspección de traballo na se esixía o incumprimento por parte da Consellaría de Educación da Normativa de Prevención de Riscos e Saúde Laboral á hora de proporcionar máscaras ao profesorado.

A Inspección de Traballo resolveu na súa resolución que a Xunta estaba a incumprir coas súas obrigas de protexer a saúde laboral dos seus empregado. Mais a pesar do categórico da resolución da ITSS na que se establecía que a consellaría debía proporcionar máscaras (FFFP2) a aquel profesorado exposto a un maior nivel de risco, a Xunta fixo caso omiso desta recomendación.

No, curso actual, trala publicación do Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galiza para o curso 2021-2022, inexplicabelmente, a Consellaría de Educación continúa sen establecer recomendación algunha para cumprir con esta resolución da ITSS.







OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Consellaría de Educación cumprir coa resolución da ITSS e dotar o profesorado do ensino público galego de máscaras FFFP2?

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

**Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 14/10/2021 12:07:10**

**Mercedes Queixas Zas na data 14/10/2021 12:07:13**

**Daniel Castro García na data 14/10/2021 12:07:21**



## Á Mesa do Parlamento

**Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Jose Manuel Balseiro Orol, Maria Sol Díaz Mouteira, Rubén Lorenzo Gómez, Maria Begoña Freire Vázquez** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**

### Xustificación de urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de abordar os investimentos previstos para Galicia no proxecto dos Presupostos Xerais do Estado para 2022 presentados o pasado 13 de outubro no Congreso dos Deputados.

### Exposición de motivos

O pasado día 13 de outubro o Goberno de España presentou o anteproxecto dos Presupostos Xerais do Estado para o ano 2022 no Congreso dos Deputados.

Unha vez analizado o proxecto, desde o Grupo Parlamentario Popular vemos con preocupación as contas do Goberno de España do vindeiro ano no que se refire aos investimentos previstos nas infraestruturas estratéxicas para a nosa Comunidade.

Constatamos, unha vez máis, como infraestruturas viarias e ferroviarias capitais para o desenvolvemento presente e futuro de Galicia contan con partidas mínimas que alongarán os seus prazos de execución e, en consecuencia, farán imposible a súa posta á disposición dos galegos a curto prazo.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

Que valoración fai o Goberno galego do proxecto de Orzamentos Xerais do Estado para o 2022 no que atinxe ás partidas destinadas a infraestruturas viarias e ferroviarias en Galicia?

Santiago de Compostela, 19 de outubro 2021

**Asinado dixitalmente por:**


**Diego Calvo Pouso na data 19/10/2021 10:51:44**  
**Carmen María Pomar Tojo na data 19/10/2021 10:52:09**  
**Ramón Carballo Páez na data 19/10/2021 10:52:20**  
**José Manuel Balseiro Orol na data 19/10/2021 10:52:41**  
**María Sol Díaz Mouteira na data 19/10/2021 10:52:55**  
**Rubén Lorenzo Gómez na data 19/10/2021 10:53:03**  
**Freire Vázquez, María Begoña na data 19/10/2021 10:53:18**

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



## Á Mesa do Parlamento

**Paulo Ríos Santomé e Montserrat Prado Cores**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, relativa ás medidas para reactivar as terapias destinadas ás crianzas con diversidade funcional do centro San Rafael de Vigo.

### Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola alarma social xerada na comarca do Morrazo diante da gravidade da situación que se está a padecer pola falta de atención na reactivación do servizo público de atención temperá.


### Exposición de motivos

Dende o anuncio do estado de alarma vai ano e medio, foron moitos os sectores afectados polo efecto do confinamento e as medidas especiais adoptadas ante a grave crise sanitaria que vivimos.

Desgrazadamente, foron os sectores máis vulnerábeis da nosa sociedade, os que peor viviron esta situación e aínda continúan a vivila. Alén das medidas improvisadas e insuficientes levadas a cabo pola Xunta de Galiza e o goberno do estado, existen sectores tremendamente golpeados por este novo contexto e que viven no total abandono e esquecemento por parte das institucións.



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



Este é o caso de moitas crianzas da comarca do Morrazo e as súas familias. Dende a proclamación do Estado de Alarma até hoxe mesmo, as crianzas con diversidade funcional, que teñen como centro de referencia o San Rafael de Vigo, contratado polo SERGAS, non retomaron na súa totalidade as diferentes terapias que precisan para combater as súas doenzas e poder contar cunha mellor calidade de vida.

As terapias de atención temperá, aínda que insuficientes na súa duración, son unha ferramenta indispensábel para o desenvolvemento destas crianzas, e esta situación de interrupción xera unha situación de retroceso nas capacidades das crianzas afectadas, polo que en moitos casos é necesario que as familias acudan a servizos privados ante a inacción e o silencio administrativo da Xunta de Galiza e do SERGAS.

As familias afectadas nas vilas de Moaña e Cangas, veñen de mobilizarse ante a falta de resposta por parte da administración, cunha situación desesperada ao experimentar o deterioro da saúde e da calidade de vida das súas crianzas. Alén da reactivación e ampliación do servizo de terapias é preciso ampliar a idade de cobertura destas terapias, xa que na actualidade, a cobertura do SERGAS só chega até os 14 anos.

Actualmente, estas terapias foron reanudadas nunhas condicións inasumíbeis para familias, xa que se está a limitar o número de sesións que as crianzas poden recibir e tamén se está a limitar o número de crianzas que reciben estas terapias, tendo que agardar moitas delas nunha listaxe de espera até que as nenas e nenos que gozan neste momento das terapias, rematen as súas sesións.

Un sistema público de coidados non pode deixar a ninguén fóra e sen cobertura, facendo que as familias teñan que recorrer á atención privada para frear o



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
19 OUT. 2021
Núm. <u>23831</u>

deterioro que sofren as súas crianzas ao non acceder ás diferentes terapias, sendo así o caso só nas familias que se poden permitir estes servizos.

Diante disto, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través do deputado e da deputada asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galiza para garantir o servizo público de atención temperá que afecta á comarca do Morrazo acorde ás necesidades dos usuarios?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2021

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

**Montserrat Prado Cores**

Deputado e deputada do G.P. do BNG

**Paulo  
Ríos  
Santomé**

Firmado  
digitalmente por  
Paulo Ríos  
Santomé  
Fecha: 2021.10.19  
16:46:20 +02'00'

**María  
Montserrat  
Prado Cores**

Firmado  
digitalmente por  
María Montserrat  
Prado Cores  
Fecha: 2021.10.19  
16:46:44 +02'00'

## Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, deputada pertencente ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta urxente para o seu debate en Pleno.

Xustificación da urxencia. A urxencia vén motivada pola necesidade urxente de coñecer o posicionamento do Goberno galego diante da situación que se indica a continuación.

O xulgado de instrución número 3 de Pontevedra condenou a comezos de verán o alcalde de Vilanova de Arousa, Gonzalo Durán Hermida, como autor dun delito leve de falta de respecto e consideración debida á autoridade no exercicio das súas funcións ao insultar no ano 2018 a presidenta da Deputación, Carmela Silva.

O contido das descualificacións, claramente machistas, foron entendidas no fallo xudicial como evidencias “dunha falta de respecto ou menosprezo cara ao principio de autoridade representado pola presidenta da Deputación de Pontevedra, que excede o normal exercicio do dereito fundamental de liberdade de expresión”.

Hai uns días, a Audiencia Provincial de Pontevedra desestimou o recurso do alcalde de Vilanova contra esa sentenza nunha resolución que confirma en toda a súa integridade o fallo do xulgado de instrución número 3 de Pontevedra.

Coa seguridade de que o alcalde do PP de Vilanova de Arousa nunca tería proferidos eses insultos machistas se a Deputación de Pontevedra estivese presidida por un home, e considerando que o xulgado acaba de condenalo, a deputada que asina pregunta:

Vai condenar o Goberno galego as manifestacións machistas do alcalde de Vilanova de Arousa dirixidas á presidenta da Deputación de Pontevedra toda vez que a Audiencia Provincial vén de ratificar a sentenza do xulgado de instrución número 3 nunha resolución que supón a primeira vez que un alcalde é condenado en Galicia por insultar unha rival política polo feito de ser muller?

Pazo do Parlamento, 19 de outubro de 2021

**Noa Susana  
Díaz Varela**

Firmado digitalmente por Noa  
Susana Díaz Varela  
Nombre de reconocimiento (DN):  
cn=Noa Susana Díaz Varela ,  
email=noa.diaz.varela@parlamen  
todegalicia.es  
Fecha: 2021.10.19 17:54:39  
+02'00'



PARLAMENTO  
DE GALICIA

## BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727